

Á MESA DA COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego núm. 43637 (10/PNC-003498)**, incluída na orde do día da devandita Comisión, que se celebrará o 28 de febreiro de 2019.

Emenda de adición.

Débense engadir os seguintes apartados:

- “ - Modificar urxentemente a axuda de prevención de danos do lobo e xabaril.
- Limitar das axudas, unicamente, a aquelas explotacións extensivas ou semiextensivas, así como ás ecolóxicas (non é comprensible que as grandes explotacións intensivas poidan recibir antes axudas, xa que teñen un censo maior, que as explotacións extensivas que pastorean co gando día e noite).
- Modificacións no texto referente aos valados fixos:
 - a. Eliminación da exigencia de ter todos os permisos e licencias (licenza de obras municipal, autorización de augas, de patrimonio, de medio ambiente en caso de Rede Natura 2000,...) no momento de solicitude da axuda (Artigo 8, 2d e Anexo II punto 8), e mudala por unha declaración responsable de ter SOLICITADAS as licencias e autorizacións NO MOMENTO DE SOLICITUDE.



- b. Inclusión doutros varemos de puntuación para estes investimentos, podendo ser os mesmos que os da subliña 1.
 - c. Revisión profunda da Memoria Técnica das características dos valados, pois enterrar menos de 30 cm as estacas para un peche de 1,70 m fará que en pouco tempo o valado caia ao chan.
 - d. Incremento da dotación orzamentaria desta submedida.
- Eliminación do requisito de inscrición no libro xenealóxico da raza do can, tal e como estaba nas anteriores convocatorias.”

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/02/2019 17:09:48

Luis Villares Naveira na data 26/02/2019 17:09:55



Á Mesa da Comisión 7ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a aplicación da Lei 35/2011, de titularidade compartida das explotacións agrarias (doc. núm. 43566).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa, débese engadir unha nova letra d), que terá o seguinte contido:

d) Crear unha comisión no ámbito do Consello Agrario para que a través do diálogo coas organizacións agrarias e representativas do sector, se acorden medidas que faciliten, posibiliten e incentiven a incorporación das mulleres á titularidade compartida.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/02/2019 17:48:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2019 17:48:38



Á Mesa da Comisión 7ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o mantemento polo Goberno galego das medidas e protocolos establecidos para acadar a erradicación da couza guatemalteca da pataca (doc. núm. 45235).

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para a parte resolutiva da iniciativa que terá o seguinte contido:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe, antes de que remate este período de sesións, onde se recollan os avances realizados, a continuidade das medidas e os protocolos establecidos na loita contra a couza da pataca para conseguir a súa erradicación.
2. Logo da súa elaboración, e antes do comezo do seguinte período de sesións, dar traslado dese informe a todos os grupos parlamentarios.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/02/2019 18:51:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2019 18:51:57



Á MESA DA COMISIÓN 7.^a, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia número 43165 (10/PNC 003475)**, incluída na orde do día da devandita Comisión que se vai celebrar o 28 de febreiro de 2019.

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Incrementar o persoal técnico das Oficinas Agrarias Comarcais.
- Incrementar a formación legislativa do persoal público para facilitar un mellor asesoramento na aplicación da normativa no sector vitivinícola.
- Coordinar co Goberno do Estado un grupo de traballo, xunto cos consellos reguladores e organizacións agrarias, para a simplificación dos trámites administrativos, ben mediante reformas legislativas, ben mediante a elaboración de ordes e protocolos de actuación que cumpran a legalidade dun xeito máis eficiente.





- Solicitalle ao Ministerio a modificación da aplicación INFOVI a efectos de simplificar a tramitación das declaracións que están obrigados a presentar os operadores vitivinícolas.”

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García,

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 28/02/2019 09:37:03

